



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI de Bembibre
Rúa socortes 18
15.873 Bembibre – Val do Dubra (A Coruña)
Telf./Fax 881 866 981
cpi.bembibre@edu.xunta.es

Estimados nais e pais:

Publicaron as instrucións da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Cultura e O.U., que regulan o funcionamento do servizo de comedor e transporte escolar para o curso 2020/21.

Por ese motivo, poñémonos en contacto con vostedes para informarlles do procedemento que deben seguir para solicitar a admisión no comedor e no transporte escolar para o vindeiro curso:

SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO COMEDOR:

1.- **Presentar no centro ata o día 22 de xullo** o impreso de solicitude de admisión ao comedor escolar e o impreso Anexo II: “Modelo de autodeclaración e especificacións”, onde terán que declarar os seus ingresos correspondentes ao exercicio do 2019.

Recibirán estes dous impresos xunto con esta nota informativa. Tamén poden pasar polo centro e recollelos.

Información sobre os prezos de comedor:

- Usuarios gratuitos:

Alumnos/as pertencentes a unidades familiares cunha renda anual neta per cápita inferior a 7.000 euros.

- Usuarios que deberán aboar 1 euro por comida:

a) Unidades familiares cun ou dous menores que cursen estudos de Infantil, Primaria ou ESO cunha renda anual neta per cápita de 7.000, 01 a 8.000 euros.

b) Unidades familiares con tres o máis menores que cursen estudos de Infantil, Primaria ou ESO cunha renda anual neta per cápita igual o superior a 7.000, 01 euros.

- Usuarios que deberán aboar 2,50 euros por comida:

a) Unidades familiares cun ou dous menores que cursen estudos de Infantil, Primaria ou ESO cunha renda anual neta per cápita de 8.000, 01 a 9.000 euros.

- Usuarios que deberán aboar 4,50 euros por comida:

a) Unidades familiares cun ou dous menores que cursen estudos de Infantil, Primaria ou ESO cunha renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 euros.

b) Alumnos/as escolarizados no centro que residan fóra da zona de influencia do centro.

Concepto de unidade familiar:

- O número de membros da unidade familiar establecerase atendendo á situación existente a 31 de decembro de 2019.

- Na instrución recórdase que a unidade familiar nun matrimonio está formada polos cónxuxes, fillos/as menores de idade e fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente (**os fillos maiores de idade non incapacitados non forman parte da unidade familiar**).

- En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal a unidade familiar estará formada polo pai ou pola nai (en función de quen teña a garda e custodia) e a totalidade dos fillos/as que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos comentados no párrafo anterior.

- Nas parellas de feito só un dos seus membros poden formar a unidade familiar cos fillos/as que reúnan as condicións anteriormente comentadas. O mesmo criterio é aplicable en casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida.

Determinación da renda anual familiar e a renda per cápita familiar:

1.- Renda anual familiar:

Para determinar a renda anual familiar sumaranse as rendas obtidas no 2019 por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI de Bemibre

Rúa socortes 18

15.873 Bemibre – Val do Dubra (A Coruña)

Tel./Fax 881 866 981

cpi.bemibre@edu.xunta.es

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casañas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente ou ben, da declaración conxunta.
- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casañas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou a declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casañas 0003 (retribucións dinerarias) e 0027 (intereses) e restar os importes das casañas 0013 (cotizacións seguridade social), 0596 (retencións procedentes do traballo) e 0597 (retencións procedentes do capital mobiliario).
- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación no IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentasen declaración do IRPF.

2.- Renda per cápita familiar para os efectos da autodeclaración:

A renda neta per cápita familiar obtérase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base ás declaracións da renda do exercicio 2018 dos membros da unidade familiar que tiveron ingresos:

Casiña 435 + Casiña 460 – Casiña 595

O resultado do cálculo anterior dividirase polo número de membros que forman a unidade familiar e desta forma obteremos a renda per cápita familiar.

SOLICITUDE DE TRANSPORTE ESCOLAR:

Os alumnos/as que necesiten transporte escolar poderán presentar a solicitude no centro ata o día 24 de xullo

Xunto con esta nota informativa, recibirán o impreso para solicitar o servizo de transporte e comedor. Tamén poden recollelo no centro.

Solicitude de novas paradas ou modificacións de itinerarios de transporte:

- Aquelas familias que solicitan novas paradas o modificacións de rutas, deberán de facelo a través do centro, cun impreso que lles facilitaremos en administración.
- Recórdolles que a lexislación indica que con carácter xeral non se autorizarán desviacións de itinerarios de menos de 2 kms. de distancia, polo que sen non existe unha causa moi xustificada é moi difícil que a concedan.
- Prazo de presentación das solicitudes de novas paradas ou modificacións de itinerarios: **ata o 17 de xullo de 2020**. Pedímoslles que non esperen ata o último día para facelo, xa que algunhas veces é necesario visitar o lugar para realizar medicións.

Asignación de dúas paradas a un mesmo alumno/a:

Sempre que haxan prazas vacantes no autobús e só para casos de custodia compartida e conciliación da vida familiar e laboral (deberá acreditarse documentalmente no centro).